



# A NAVE DOS FATOS

ANA G. LARTITEGUI (texto e debuxos)

Querido lector, querida lectora:

Xunto coa miña editora, Teresa Benéitez, ideei este espazo informativo para compartir contigo as orixes desta historia e parte das fontes nas que me inspirei para crear *A nave dos fatos*. Estas proceden dalgunhas obras que che detallo deseguido.

## Fontes aludidas

### *A nave dos necios* de Sebastian Brant (Basilea, 1494)

A nave dos necios é unha obra satírica publicada en lingua alemá a finais do século xv. O seu autor, Sebastian Brant (1457-1521), critica nela os vicios da súa época que personifica nun gran número de personaxes que viaxan nunha nave a piques de naufragar. É unha obra profusamente ilustrada con gravados que se atribúen, entre outros, a Alberto Durer e ao mestre de Gnad-Her.

Tivo un éxito tan clamoroso que se reimprimiu moitísimas veces por toda Europa ao longo dos dous séculos seguintes.


[https://es.wikipedia.org/wiki/La\\_nave\\_de\\_los\\_necios](https://es.wikipedia.org/wiki/La_nave_de_los_necios)

### *Eloxio da loucura* de Erasmo de Rotterdam

Erasmo (1466-1536) foi un filósofo, filólogo e teólogo, que pasou á historia como o humanista máis importante do norte de Europa. Nesta obra eloxia a estulticia, a insensatez ou a loucura como a orixe de todas as bondades e diversións das que goza o ser humano. En realidade, é un discurso cargado de ironía, xa que quere expresar exactamente todo o contrario. Con gran talento literario, Erasmo soubo recoller os medos, as dúbidas e as esperanzas da época na que lle tocou vivir, que aínda oscilaba entre a Idade Media e o Renacemento.

[https://es.wikipedia.org/wiki/Elogio\\_de\\_la\\_locura](https://es.wikipedia.org/wiki/Elogio_de_la_locura)

-Tamén che recomendaría que escoitases *Erasmo. Elogio de la locura*, interpretada por Jordi Savall coa Capella Reial de Catalunya. Fíxome moita compañía durante a creación deste libro.



## PINTURAS

### O Bosco:

*A nave dos loucos.* Museo do Louvre, París.  
<https://collections.louvre.fr/ark:/53355/cl010062860>

*O xardín das delicias.* Museo do Prado, Madrid.  
<https://bit.ly/3IJLtns>

*O carro de herba seca.* Museo do Prado, Madrid.  
<https://bit.ly/2SPWdoz>

*As tentacións de santo Antón.*  
Museo Nacional de Arte Antiga, Lisboa.  
<http://www.museudearteantiga.pt/>

*A extracción da pedra da loucura.* Museo do Prado, Madrid.  
<https://bit.ly/3SHZ2IB>

*O prestidixitador.* Museo Municipal, Saint-Germain-en-Laye.  
<https://www.saintgermainenlaye.fr/736/musee-municipal.htm>

*San Cristovo.* Museo Boijmans Van Beuningen, Rotterdam.  
<https://www.boijmans.nl/en>

*O fillo pródigo.* Museo Boijmans Van Beuningen, Rotterdam.  
<https://www.boijmans.nl/en>

### Patinir:

*O paso da lagoa Estixia.* Museo do Prado, Madrid.  
<https://bit.ly/4IJ3zP5>

### Pieter Brueghel o Vello:

*Combate entre o Carnaval e a Coresma.* Museo de Historia da Arte, Viena.  
<https://www.khm.at/objektdb/detail/320/>

*Os proverbios flamengos.* Pinacoteca Gemäldegalerie, Berlín.  
<https://www.smb.museum/museen-einrichtungen/gemaeldegalerie/home/>

*Camiño do Calvario.* Museo de Historia da Arte, Viena.  
<https://www.khm.at/objektdb/detail/324/>

*A parábola dos cegos.* Museo de Capodimonte, Nápoles.  
<https://capodimonte.cultura.gov.it/esplora-collezioni/>

*Danza de labregos.* Museo de Historia da Arte, Viena.  
<https://www.khm.at/objektdb/detail/331/>

*A voda labrega.* Museo de Historia da Arte, Viena.  
<https://www.khm.at/objektdb/detail/330/>

*A louca Meg.* Museo Mayer van den Bergh, Antuerpen, Bélxica.  
<https://museummayervandenbergh.be/en>

*A sega do feo.* Palacio Lobkowitz, Castelo de Praga, Praga.  
<https://www.lobkowitz.cz/en/collections-about>

*Caída dos anxos rebeldes.*  
Reais Museos de Belas Artes de Bélxica, Bruxelas.  
<https://fine-arts-museum.be/en>

*A desidia, serie Os vicios e as virtudes (gravado).*



**Pieter Brueghel o Novo:**

*A feira de san Xurxo.* Colección privada.

<https://is.gd/ZMjTIR>

*Festa aldeá na honra de santo Huberto e santo Antón.*

Galería de Arte de Auckland Toi o Tāmaki, Nova Zelandia.

<https://is.gd/NMjm8B>

**Jan Brueghel:**

*Porto de Willebroek bei Boom (gravado).*

Galería de Arte de Auckland Toi o Tāmaki, Nova Zelandia.

<https://is.gd/ovcPUM>

**Pieter Baltens:**

*Festa na aldea.* Museo de Belas Artes de Budapest.

<https://www.mfab.hu/artworks/the-village-fair-kermis/>

**François Desprez:**

*O soños caprichosos de Pantagruel (1565)*

(gravados para a obra de François Rabelais).

<https://www.olanetaeditor.com/titulos/los-suenos-drolaticos-de-pantagruel/>



## PINTORES:

### JHERONIMUS VAN AKEN, chamado o BOSC

(’s-Hertogenbosch, Países Baixos, ca. 1450 - 1516)

De familia de pintores, creou unha obra moi persoal, enigmática e chea de imaxinación, polo que moi axiña lle saíron seguidores e falsificadores. As súas pinturas están inzadas de persoaxes fantásticos que lembran os dos bestiarios medievais, cos que pretendía criticar a mala vida e a corrupción de grupos sociais que eran intocables na súa época (coma a Igrexa católica). O rei Filipe II, grande admirador seu, adquiriu moitas das súas obras que hoxe poden verse no Museo do Prado e no Mosteiro do Escorial.

### JOACHIM PATINIR

(Dinant, Bélxica, 1483 - Antuerpen, Bélxica, 1524)

A paisaxe é o tema principal da súa pintura e, por esta razón, é considerado un iniciador do paisaxismo como tema independente na pintura.

### PIETER BRUEGHEL O VELLO

(Breda ou Breugel, Países Baixos ca. 1526/1530 - Bruxelas, Bélxica, 1569)

Pai, avó, bisavó e tataravó de pintores. Sen dúbida, o principal dentro dunha histórica saga de artistas flamengos. Coma o Bosco, tamén reflectiu os vicios e as condutas dos máis ignorantes. Pero, a diferenza deste, interesouse sobre todo por retratar os costumes labregos. Moitas das escenas dos seus debuxos e dos seus cadros representan o folclore e a sabedoría popular de ditos e refráns que aínda hoxe se manteñen.



## PIETER BRUEGHEL O NOVO

(Bruxelas, Bélxica, 1564/65 - Antuerpen, Bélxica, 1637/38)

Pieter Brueghel o Novo foi o fillo maior do famoso pintor holandés do século xvi, Pieter Brueghel o Vello, e irmán de Jan Brueghel o Vello. Xunto co seu irmán, formou un gran taller especializado na copia de obras de seu pai, que tiña gran demanda nas cidades flamengas.

## JAN BRUEGHEL O NOVO

(Antuerpen, Bélxica, 1601-1678)

Pintor flamengo de naturezas mortas e flores, de paisaxes e de escenas mitolóxicas e alegóricas. Jan Brueghel o Novo foi un artista de gran talento, que a historia da pintura non valorou suficientemente. Foi o fillo maior de Jan Brueghel o Vello e neto de Pieter Brueghel o Vello. Tamén el contribuíu a que continuase o oficio familiar: tivo once fillos, cinco dos cales foron, así mesmo, pintores.

## PIETER BALTENS

(Antuerpen, Bélxica, ca. 1527- 1584)

Apenas se coñecen datos sobre a súa vida. Foi contemporáneo de Pieter Brueghel o Vello, co que colaborou en numerosas ocasións. Foi un dos primeiros artistas en crear representacións realistas de festas e celebracións do pobo con multitudes de trouleiros, xénero de pinturas que se fixo moi popular durante a súa vida.

## FRANÇOIS DEPRez

(París, Francia, 1530 - 1580 ou 1587)

Foi gravador, ilustrador e editor de gravados. A súa obra máis coñecida son os gravados para o libro Os soños caprichosos de Pantagruel, que durante moito tempo foi falsamente atribuído a François Rabelais. Consta de 120 gravados nos que se entrelaza o grotesco, o monstruoso e o escatolóxico.

